



SAUNAS CASTREXAS

ESTRUTURA E SIGNIFICADO
DOS MONUMENTOS CON FORNO



III XORNADA DE
DIVULGACIÓN
CIENTÍFICA
DO PATRIMONIO
ARQUEOLÓXICO LUCENSE



MUSEO
PROVINCIAL
DE LUGO

16 DE
OUTUBRO
DE 2020





SAUNAS CASTREXAS

ESTRUTURA E SIGNIFICADO DOS MONUMENTOS CON FORNO

As chamadas saunas castrexas ou monumentos con forno, cuxa cronoloxía se estende pola segunda Idade do Ferro e o principio da dominación romana, son construcións ben coñecidas no NO peninsular. Destacan, en primeiro lugar, pola súa monumental caracterización arquitectónica a base de espazos rectangulares de fábrica pétreo organizados en diversas estancias (vestíbulo, cámara de vaporización e forno) e divididas polas, ás veces, moi decoradas «pedras formosas». En segundo lugar pola súa funcionalidade, aínda discutida, pero moi probablemente vinculada con ritos ou cultos da auga, a modo de santuarios ou espazos rituais/cultuais.

Como queda indicado, este tipo de construcións dispérsanse por todo o NO peninsular, estando presente en Asturias nos castros de Coaña, Pencia, Taramundi, Chao Samartín e Pelóu; en Galicia nos xacementos de Borneiro (Cabana de Bergantiños), Espasante (Ortigueira) e Sarridal (Cedeira), na provincia da Coruña, así como a do castro de Armeá (Augas Santas, Allariz) na de Ourense e, finalmente, no norte de Portugal, con exemplos nas Citanias de Briteiros (Guimarães) e Sanfins (Paços de Ferreira), no castro das Eiras (Vila Nova de Famalicão) ou en Tongobriga (Marco de Canaveses).

Con todo, na provincia de Lugo pasamos de non ter exemplos visibles destes monumentos a ir aumentando o seu rexistro. Existen unha en Castelón ou castro de Castañoso (A Fonsagrada), escavada nos anos 2015 e 2017 por Luís Francisco López. A segunda apareceu en 1974, na rúa Faro en San Cibrao (Cervo), que foi escavada en 2019 por mor dunha intervención de urxencia en centro urbano, por Emilio Ramil González, pero, lamentablemente, non se atopa accesible e agora está pendente de confirmarse a existencia doutra máis en Barreiros, na costa de Lugo.

Por conseguinte, na actualidade a provincia de Lugo ten varios e senlleiros exemplos incluídos na listaxe de achados de «saunas castrexas» do noroeste peninsular que xustifican, sobradamente, a celebración desta xornada de divulgación de xeito monográfico.

Venres, 16 de outubro de 2020

Lugar: Salón de Actos da Deputación de Lugo

Prazas presenciais: 25 inscrición previa gratuíta por rigorosa orde de entrada

Formulario de inscrición no Museo Provincial de Lugo e na web www.redemuseisticalugo.org . Rexistrada a solicitude enviarase a confirmación por correo electrónico xunto co enlace/link para a canle de participación online.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada (6 horas lectivas)

Organización: Museo Provincial de Lugo

Dirección e coordinación: Aurelia Balseiro García
direccion@museolugo.org

Comité organizador: Encarna Lago, Aurelia Balseiro, Enrique Alcorta e M.ª Ofelia Carnero

Secretaría técnica: Departamento de Arqueoloxía MPL

PROGRAMA

1.ª PARTE

9:45 h Presentación oficial

10:15 h Saunas Castrexas da costa norte de Galicia:
Cervo, Ortigueira e Cedeira
Emilio Ramil, arqueólogo

11:00 h A intervención arqueolóxica no Castro de Castañoso: o sistema construtivo da Sauna
Luis Francisco López, arqueólogo
Miguel Ángel López Marcos, arqueólogo,
restaurador

11:45 h Pausa

2.ª PARTE

12:15 h As saunas rituais da Idade do Ferro nos castros cantábricos: estrutura e simbolismo
Ángel Villa Valdés, arqueólogo,
Museo Arqueolóxico de Asturias

13:00 h O papel do patrimonio arqueolóxico no desenvolvemento local e na sustentabilidade territorial: estratexias de difusión e comunicación II
Mesa redonda moderada por Aurelia Balseiro e composta polos anteriores relatores xunto con outros convidados relacionados coa xestión patrimonial: Felipe Arias Vilas

14:00 h Debate coloquio

15:00 h Clausura xornada

SAUNAS CASTREXAS

ESTRUTURA E SIGNIFICADO
DOS MONUMENTOS CON FORNO

III XORNADA
DE DIVULGACIÓN
CIENTÍFICA
DO PATRIMONIO
ARQUEOLÓXICO
LUCENSE

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

Nome

Apelidos

DNI

Centro de traballo

Enderezo postal

Localidade

Código Postal

Provincia

Enderezo electrónico

Teléfono de contacto

Asdo.

Lugo

de 2020

**Modalidade preferente
de asistencia á xornada:**

Presencial

On line

Prazas limitadas
PRESENCIALMENTE
a 25 persoas, por rigorosa
orde de recepción de
solicitudes. Apertura de
prazo: 8/10/2020.
Coa confirmación da
inscripción enviarase un
link/enlace para participar
on line na xornada.

Pode remitir esta solicitude
a direccion@museolugo.org
ou entregala persoalmente
no Museo Provincial de Lugo.

**Desexo recibir información
sobre as actividades
realizadas pola Rede
Museística Provincial.**

Si

Non

Museo Provincial de Lugo.
Praza da Soidade, s/n,
27001 Lugo. Tfno 982 242 112

A inscrición nesta xornada
implica a autorización
do solicitante á entidade
organizadora do uso de
imaxes na mesma xornada
con fines de difusión
e comunicación.

Para os efectos de cumprir
a Lei orgánica 15/1999,
de 13 de decembro, de

protección de datos
de carácter persoal,
informamos que os datos
facilitados a través deste
formulario serán incluídos
nos nosos ficheiros coa
finalidade de realizar a
inscrición nesta xornada.
En ningún caso serán
cedidas a terceiros.

O/A usuario/a poderá
exercer os seus dereitos
de cancelación,
rectificación e de oposición,
no que atinxa aos seus
datos de carácter persoal,
mediante escrito dirixido
á Deputación Provincial
de Lugo a través do seu
Rexistro xeral.

Con motivo da **III Xornada de divulgación científica do patrimonio arqueolóxico lucense**, continuamos coa finalidade de establecer canles de comunicación coa sociedade a través da transversalidade dos museos, fomentando o debate e actualizando contidos arqueolóxicos, estimulando e educando patrimonialmente a comunidade a través do coñecemento e da dinamización sociocultural e resaltando o noso patrimonio coa súa identificación e visibilidade expresa.

OBXECTIVOS CONCRETOS

- Abordar a integración dos restos arqueolóxicos na paisaxe para analizar a súa posible explotación racional como recurso para o desenvolvemento económico e social da comunidade da súa contorna
- Visualizar estratexias de difusión e divulgación científica para un correcto coñecemento desta parte do noso patrimonio
- Relacionar a transferencia do coñecemento coas sinerxías de valor social a nivel local
- Afondar na contextualización, posibles tipoloxías e, en xeral, na concienciación da importancia arqueolóxica destes monumentos

CONTIDOS/RESUMOS

1. Saunas castrexas da costa norte de Galicia: Cervo, Ortigueira e Cedeira

O litoral cantábrico das provincias de Lugo e A Coruña posúe tres monumentos con forno asociados a outros tantos xacementos castrexos, estando, só, dúas completamente exhumadas. As campañas de escavacións arqueolóxicas permitiron situar a súa cronoloxía de uso entre a época castrexa e a etapa galaico-romana.

2. A intervención arqueolóxica no castro de Castañoso: o sistema construtivo da sauna.

Escavada nos anos 2015 e 2017 por Luís Francisco López. Neste complexo identifícanse diversas cámaras, distribuídas nunha planta cadrada, abastecidas por un sistema de condución, complementadas por zonas pavimentadas e escaleira de acceso.

3. As saunas rituais da Idade do Ferro nos castros cantábricos: estrutura e simbolismo.

As saunas mantiveron unha estreita vinculación coas grandes casas de asemblea e desfrutaron dunha notable relevancia na liturxia social das comunidades prerromanas, cunha estrutura e simbolismo moi concretas que se abandonarían en época romana.

4. Mesa redonda: O papel do patrimonio arqueolóxico no desenvolvemento local e na sustentabilidade territorial: estratexias de difusión e comunicación II.

Dentro dos obxectivos marcados nestas xornadas do MPL, a mesa redonda composta polos anteriores relatores aos que se lles suman arqueólogos ou xestores patrimoniais, como **Felipe Arias Vilas**, coa participación e moderación de **Aurelia Balseiro**, trata de ofrecer distintos puntos de vista sobre a rendibilidade sociocultural do patrimonio arqueolóxico a través de experiencias concretas, de proxectos en desenvolvemento, programas de investigación e difusión, etc., para avanzar desde os recursos presentes ou a situación actual ata a visualización de estratexias de futuro. Ademais de coñecer a importancia e significado das saunas castrexas, tamén se pretende fomentar a participación das persoas que asisten e a implicación da comunidade baseándonos nos obxectivos marcados na xornada.

CURRÍCULOS DOS CONFERENCIANTES

Emilio Ramil González

Arqueólogo profesional, socio fundador de AXA Arqueoloxía. Director de numerosas intervencións arqueolóxicas en xacementos castrexos. A el débenselle os descubrimentos de dous dos monumentos con forno no castro de Punta dos Prados, en Espasante, e en Campo do Castro, Punta Sarridal en Cedeira. Tamén foi o director da intervención levada a cabo no xacemento da Atalaia como consecuencia da aparición dos restos da sauna ao efectuar unhas obras de saneamento.

Autor de publicacións coma «Historia de Ferrol» e «Historia de Ortigueira» e de numerosos artigos en revistas coma «Fervedes», «CROA», «Cátedra», «Brigantium», etc.



Luis Francisco López González

Arqueólogo profesional, membro do equipo de arqueoloxía e restauración da sociedade Terra-Arqueos, S. L. Formou parte de diversos proxectos arqueolóxicos do CSIC. Director de numerosas intervencións arqueolóxicas, como a do castro de Castañoso na Fonsagrada, onde apareceu a sauna máis grande de toda Galicia. Dirixe prospeccións por toda Galicia e Castela e León. Nos últimos anos codirixe xunto con Yolanda Álvarez e Miguel Ángel López intervencións para a posta en valor de xacementos arqueolóxicos. Coautor de numerosos artigos en revistas coma «CROA», «Cuadernos de Prehistoria y Arqueología», etc., así coma colaboracións en diversas obras colectivas.



Miguel Ángel López Marcos

Arqueólogo e restaurador especialista en musealización de xacementos arqueolóxicos, con experiencia en máis de 60 xacementos dentro e fóra de España desde hai máis de 30 anos. Dirixiu e executou numerosas intervencións no NO peninsular e dirixe desde 2004 a reconstrución colosal do templo funerario de Amenofis III en Luxor.



Ángel Villa Valdés

Doutor en Historia, exerce como arqueólogo no Museo Arqueolóxico de Asturias. Con anterioridade, desde o Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura do Principado de Asturias, dirixiu o «Plan arqueolóxico do Navia-Eo». Desenvolve o seu traballo en diversos ámbitos da prehistoria e da antigüidade, especialmente na investigación do mundo castrexo. Foi responsable de numerosas intervencións arqueolóxicas en castros tan relevantes como o de Coaña, Pencia ou Chao Samartín, así coma dos traballos arqueolóxicos realizados nas explotacións auríferas asturianas de Belmonte de Miranda, Tineo e Allande.

Participou como investigador en diversos proxectos de I+D, patrocinados polo Ministerio de Cultura e o Goberno do Principado de Asturias, colaborando con institucións coma o Consello Superior de Investigacións Científicas, a Universidade Autónoma de Madrid, a Universidade de Oviedo ou a Casa de Velázquez.

Membro do Real Instituto de Estudios Asturianos e autor de publicacións como: «El Castro de Chao de Samartín», «Grandas de Salime, Pesoz», así como de máis dun cento de artigos científicos e de numerosas colaboracións en obras colectivas.



Felipe Arias Vilas

Licenciado en Filosofía e Letras pola USC, foi Profesor de Historia e Arqueoloxía e Bolseiro de investigación na dita Universidade ata 1974. Como Técnico Facultativo de Museos foi Director-Conservador do Museo de Lugo de 1976 a 1984, e desde 1983 dirixiu o Museo do Castro de Viladonga ata a súa xubilación en 2014, así coma os traballos arqueolóxicos neste xacemento. De 2005 a 2009 foi Director xeral de Patrimonio Cultural, da Xunta de Galicia. Desde 2016 é Profesor-investigador «ad honorem» na Facultade de Humanidades de Lugo.

Membro de diversas entidades de carácter académico, científico e cultural, é patrón fundador do Museo do Pobo Galego. Participou en numerosas reunións científicas, así como en varias campañas de escavación e prospección arqueolóxica, e en varios proxectos e inventarios relacionados co Patrimonio Cultural. É autor de máis de duasetentas setenta publicacións e colaboracións (só ou en obras colectivas) sobre temas de Arqueoloxía, Historia Antiga, Museoloxía e Patrimonio Cultural, e ten participado en máis de trescentas conferencias e mesas redondas sobre estes temas dentro e fóra de Galicia. Recibiu varios premios e distincións, só ou formando parte de institucións colectivas.



Aurelia Balseiro García

Licenciada con grao en Xeografía e Historia pola USC coa especialidade de Museoloxía (1985-1990). DEA (1993). Investigadora especializada no campo da ourivería prerromana.

Máis de cen publicacións en revistas, prensa, boletíns, actas de congresos e conferencias relacionadas coa arqueoloxía do ouro, o patrimonio, a historiografía, a arte, os artistas, os museos, etc. e libros sobre orfebrería castrexa: «Oro prerromano en la provincia de Lugo» (1994); «Diademas prerromanas de oro. Análisis iconográfica y simbólica de la diadema de Ribadeo / Moñes» (2000). «O Torques de Burela. A xoia do noso patrimonio» (2013). «A colección de ourivería antiga do Museo Provincial de Lugo» (2018, editora científica e coautora)

Directora do Museo Provincial de Lugo desde o outono de 2008, onde coordina os departamentos científicos e os programas de conservación, de coleccións (documentación e investigación) e de exposición.



EXPOSICIÓN NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Saunas castrexas. Estrutura e significado dos monumentos con forno.

Ao abeiro da III Xornada de divulgación do patrimonio Arqueolóxico lucense, preséntase unha exposición temporal ubicada na sala 9 de Prehistoria e Arqueoloxía do MPL que estará visible no mes de outubro.

En función dos contidos desenvolvidos na III Xornada de divulgación científica do patrimonio arqueolóxico lucense (16/11/2020) polos respectivos arqueólogos, amósanse as principais liñas de investigación sobre as saunas castrexas do castro da Atalaia en San Cibrao (Cervo), Punta dos Prados, Espasante (Ortigueira); Campo do Castro, Punta Sarridal (Cedeira), castro do Castañoso (A Fonsagrada), xunto coas do occidente asturiano: Coaña, Pendaria, Chao Samartín, Pelóu, Taramundi, así como as propostas de interpretación, simbolismo, rituais, funcionalidade, construción e arquitectura dos monumentos con forno.



Contidos da mostra: imaxes con reproducións virtuais, fotografías das escavacións arqueolóxicas, debuxos e textos explicativos en paneis.

Obxectivo: complementar a xornada e divulgar esta parte do noso patrimonio

Ficha técnica

Dirección e coordinación: Aurelia Balseiro García, MPL.

Textos e imaxes: Emilio Ramil, Alejandro Ramil, Ángel Villa, Miguel Ángel López, Luís Francisco López, Yolanda Álvarez.



Museo Provincial De Lugo

Luns a venres de 09:00 a 21:00 h
Sábados de 10:30 a 14:00 e de
16:30 a 20:00 h

Domingos e festivos: de 11:00 a
14:00 h

Pechado os días: 1 e 6 de
xaneiro, Martes de Entroido
(festa variable), 22 de maio
(Sta. Rita), 24, 25 e 31
de decembro.

Entrada gratuíta

Praza da Soidade s/n,
27001 Lugo

Tfno: +34 982 242 112

info@museolugo.org

www.redemuseistica.org

**É necesario concertar
cita previa e cumprir as
«Normas de concordia en
prol da saúde colectiva»**



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO